

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 25 de xuño de 2010 pola que se prorroga a acreditación dos centros e titores/as para o desenvolvemento do Prácticum correspondente ao Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma galega, no curso académico 2010-2011.

O Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria e bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario, dispón no seu artigo 9 que para exercer a docencia nestes ámbitos será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica de acordo co exixido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias, estableceu a organización e o contido dos títulos oficiais de máster universitario. Con posterioridade, a Orde ministerial ECI/3858/2007, do 27 de decembro, determinou os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas, dispoñendo unha fase de prácticum obrigatoria, que se realizará en colaboración coas institucións educativas, establecida mediante convenios entre as universidades e as administracións educativas.

A devandita fase de prácticum ten como obxectivos facilitar a adquisición de experiencia na planificación, a docencia e a avaliación das materias correspondentes á especialización, acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por Orde do 1 de febreiro de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de febreiro), regulou, para o ano académico 2009-2010, o procedemento para acreditar centros e titores/as para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma galega.

Como consecuencia do procedemento anterior habilitáronse centros e titores/as como centros e titores/as de prácticas, o que permitiu aos alumnos que cursaron o máster de formación do profesorado a súa iniciación na práctica docente directa e na orienta-

ción psicopedagóxica, ademais de coñecer os aspectos pedagóxicos, organizativos e de funcionamento dos centros co apoio e baixo a tutela de profesores en exercicio que reúnen as características e a preparación adecuadas.

Dado que no curso académico 2010-2011 se impartirá o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma galega, procede prorrogar, mediante orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a acreditación dos centros e titores/as de prácticas para o dito curso.

Para tal fin e na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo único.

Prorrógase a acreditación dos centros e titores/as para o desenvolvemento do Prácticum correspondente ao Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma galega, no curso académico 2010-2011.

1.-Esta orde será de aplicación ás universidades que asinen convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a realización das prácticas do seu alumnado do Máster en Profesorado de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas en centros sostidos con fondos públicos.

2.-No caso de que a Universidade Nacional de Educación a Distancia asine convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, serán centros e titores/as de prácticas os centros e titores/as acreditados como tales para o desenvolvemento do prácticum das universidades da Comunidade Autónoma galega.

Disposicións derradeiras

Primeira.

Facúltanse a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Ordenación Educativa e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptaren os acordos e ditaren as resolucións conxuntas que consideren oportunas no desenvolvemento desta orde.

Segunda.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2010.

Xesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria